

# HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

## ORIENTACIÓNS XERAIS

### 1. Introducción

A materia de historia da música e da danza comprende de entrada unha dobre dimensión: por unha parte o coñecemento da historiografía elaborada respecto destas manifestacións artísticas a partir das obras, dos autores e das autoras, e dos seus contextos de creación, difusión e recepción. Por outra parte, o achegamento a unha selección de obras consideradas como significativas, desde diferentes perspectivas prácticas, como poden ser a escoita e/ou visionado (mediante gravacións ou en directo), a análise estilística e histórica, a explicación causal da evolución dos estilos ou a execución (orixinal ou máis comunmente, adaptada) dunha selección de obras. Máis alá disto, a materia alenta unha vocación investigadora e exploratoria no alumnado, que se substancia na elaboración de traballos nos que se combina a pescuda documental en diferentes soportes, con especial atención ás posibilidades que fornecen as tecnoloxías da información e da comunicación, xunto coa elaboración de valoracións persoais criticamente informadas, respecto tanto do legado da tradición histórica substanciada nas obras, como do lugar que a música e a danza teñen ocupado e ocupan, no tramado social e cultural en todas as súas dimensións culta e popular.

Incardinada no ámbito amplo das ciencias sociais, coas particularidades técnicas e conceptuais que lle esixe o tratamento especializado da música e da danza, esta materia traza estreitas relacións con outras materias do currículo de bacharelato do ámbito historiográfico, e con materias dos ámbitos da expresión escrita e das humanidades, no entanto que desenvolve competencias compartidas con estas materias, e que contribúe de modo directo á formación do gusto e do criterio estético crítico e persoal. Así mesmo, a materia contribúe a promover no alumnado a conciencia patrimonial do legado da tradición, e a desenvolver a sensibilidade cara á súa conservación e posta en valor, no contexto da creación musical e coreográfica actuais.

Os contidos desta materia combinan aspectos teóricos e conceptuais propios da narrativa historiográfica xunto con outros máis orientados á expresión, á exploración e á reflexión crítica. Así, xunto ao comentario histórico-estilístico e/ou contextual das obras, dos autores e autoras, dos intérpretes, dos produtores, etc. recóllese a interpretación musical e coreográfica e a busca de información, xunto coa súa elaboración en soportes explicativos (textos, presentacións, etc.) e tendo en conta tamén, as cuestións referidas ao bo uso das fontes en relación cos dereitos de propiedade intelectual e á ética da investigación.

O deseño da proba parte nesta convocatoria de varios condicionantes. O feito de ter estado ausente esta materia das probas ABAU nas últimas convocatorias. O carácter, en principio transitorio, do deseño xeral actual das probas ABAU que, de acordo co previsto

na normativa en desenvolvemento, deberá camiñar cara a un perfil máis competencial. Finalmente, a particularidade de que nesta convocatoria por razóns loxísticas e de organización, non é posible incluír probas con audicións e/ou partituras. O deseño que se propón inclúe preguntas que de xeito directo ou indirecto abordan os diferentes contidos da materia e as súas competencias asociadas. As preguntas de desenvolvemento e as definicións curtas implican o uso de conceptos vencellados ao comentario histórico-estilístico, pero tamén no seu caso, a aspectos prácticos da interpretación e a posta en escena. Pola súa parte, os textos propostos demandan do alumnado a capacidade de interpretación crítica de fontes, así como tamén o coñecemento de elementos formais das obras e dos contextos culturais en que as obras se crean, se transmiten e se perciben, en relación coa historia dos estilos e dos xéneros. Igualmente, a proposta de preguntas guiadas a partir de imaxes, pon en xogo estes coñecementos, xunto coa capacidade para relacionar obras e contextos, tanto nun sentido diacrónico-evolutivo, como nun sentido sincrónico, en relación cos contextos culturais das diferentes manifestacións históricas musicais e/ou coreográficas.

Para facilitar a profesorado e alumnado a preparación da proba, facilítanse bancos de preguntas para todos os exercicios (ANEXOS I, II, III e IV). Deses bancos serán extraídas xa que logo, as preguntas para a elaboración da proba final. O alumnado poderá seleccionar de entre as preguntas propostas aquelas que mellor atendan ás súas capacidades e interese, cubrindo de maneira suficiente as competencias que acreditan un dominio suficiente dos contidos curriculares da materia.

## **2. Obxectivos e contidos.**

### **2.1. Obxectivos.**

OBX1. Identificar as características técnicas da música e da danza, apreciando a súa evolución ao longo da historia a través da análise das fontes de estudo dispoñibles, para recoñecer os seus trazos estilísticos e a súa función nun determinado contexto.

A música e a danza son medios de expresión e comunicación que, transcendendo o uso da linguaxe verbal, desenvolveron un código propio que as identifica e que, en moitas ocasións, evolucionou de maneira conxunta. En cada período varían os trazos estilísticos que caracterizan estas artes, pois gardan relación con outros aspectos definitorios do seu contexto e coa función que desempeñan nun determinado momento.

A análise de textos e de imaxes representativas do eido musical en distintas épocas permitiránlle ao alumnado identificar e comparar as súas características e a evolución da música e da danza ao longo do tempo. Ademais, atendendo a parámetros histórico-estéticos, o alumnado poderá contextualizar as pezas e determinar a súa función na contorna creativa correspondente.

OBX2. Relacionar a música e a danza con outras formas de expresión artística, vinculándoas coa evolución do pensamento humano, para comprender o carácter interdisciplinario da arte e valorar a importancia da súa conservación e difusión como patrimonio cultural.

Do mesmo xeito que outras manifestacións artísticas, a música e a danza están ligadas á propia historia da humanidade e aos diversos factores que a condicionan. Neste sentido, o coñecemento, a análise, a comprensión e a valoración crítica da evolución das formas de expresión doutras artes e a súa relación co feito musical ou dancístico achéganlle ao alumnado unha visión interdisciplinaria que o enriquece culturalmente, e lle permite adoptar unha postura respectuosa e responsable en relación coa importancia da conservación e a difusión do patrimonio. A este respecto, resulta de grande utilidade a consulta de textos literarios ou a observación de obras de artes plásticas ou de artes decorativas.

OBX3. Investigar sobre os principais compositores, intérpretes e obras da historia da música e da danza, utilizando fontes de información fiables, para analizar as diferentes correntes interpretativas e reflexionar sobre a riqueza do patrimonio musical e sobre a propia identidade cultural.

A adquisición e construción dun criterio propio a través da investigación, a análise e a valoración crítica das diferentes propostas musicais e dancísticas contribúe ao desenvolvemento dunha postura aberta e receptiva que lle proporciona ao alumnado unha visión ampla desde a que situarse no mundo cunha actitude de aceptación e respecto cara a diversidade. A procura de información en fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, é un medio a través do cal o alumnado pode abordar, de forma autónoma, a investigación sobre a historia da música e a danza.

A análise da evolución musical e dancística no seu contexto facilita o desenvolvemento dunha identidade cultural propia desde a que afrontar os retos que formula o futuro en relación co desenvolvemento e a evolución da arte e da cultura. Neste sentido, a aula ofrécese como espazo idóneo no que fomentar a reflexión arredor da creación ou da interpretación musical e escénica como expresión da personalidade artística de quen compón ou interpreta as obras.

OBX4. Transmitir coñecemento e valoracións, informados e fundamentados, sobre a evolución da música e da danza, usando un vocabulario específico, formulando argumentos de carácter teórico e estético e analizando criticamente o contexto de creación das obras, para desenvolver a capacidade comunicativa sobre o feito musical.

A transmisión de coñecemento e valoracións, informados e fundamentados, sobre a evolución da música e da danza ao longo da historia, garántelle ao alumnado unha mellor comprensión do feito musical e dancístico. Para iso, é importante que aprenda a consultar distintas fontes e que desenvolva estratexias de procura, selección e reelaboración da información coas que poder extraer datos que sirvan de fundamento ás súas valoracións e exposicións de coñecemento. Así mesmo, é

necesario que adquira un vocabulario específico que lle permita expresar os seus argumentos de forma adecuada.

Ofrecese, así, ao alumnado a posibilidade de desenvolver unha visión crítica sobre cuestións teóricas e estéticas que afectan á música e á danza. Para compartir esa visión crítica propónse a produción de recensións ou comentarios escritos que tomen en consideración o contexto de creación das obras.

## **2.2. Contidos.**

### **A. Percepción do feito musical e dancístico.**

- Elementos da música e da danza: identificación e análise.
- Trazos que definen a música e a danza de diferentes períodos históricos.
- Aspectos socioculturais da recepción artística. Evolución dos formatos e desenvolvemento do público.
- Estratexias de análises de textos, imaxes e partituras.

### **B. Contextos de creación.**

- Factores culturais, sociais, económicos e políticos que inciden na creación musical. Función social da música e da danza.
- Características e evolución estética e estilística da música e da danza ao longo da historia.
- Principais correntes, escolas, autoras e autores, intérpretes e obras representativas da música e da danza desde a Antigüidade clásica ata os nosos días.
- O papel do intérprete ao longo da historia.
- A música e a danza e a súa relación coas demais artes.
- Interese por coñecer, respectar e difundir o patrimonio musical e dancístico.

### **C. Investigación, opinión crítica e difusión.**

- A investigación musical: procesos de procura, selección, tratamento e difusión da información. Fontes de investigación musical: fiabilidade e validez.
- Recensións, comentarios e críticas musicais. Dereitos de autor e propiedade intelectual.

## **3. Orientacións metodolóxicas para a preparación da proba**

A intervención educativa na materia de Historia da Música e da Danza desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa. Neste

sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se presentan nos puntos seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

A materia debe traballarse partindo dunha metodoloxía que promova a participación activa do alumnado, a través da escoita, a interpretación, así como do visionado e comentario de textos e imaxes. A través da escoita e o visionado activos, o alumnado comprenderá e relacionará ideas e conceptos que lle permitirán traballalas na proba, a partir de textos e imaxes que se referirán a esas mesmas ideas e conceptos.

O desenvolvemento da capacidade expositiva é unha competencia que acredita a axeitada comprensión de textos e contextos, así como o manexo dunha terminoloxía específica e precisa. A lectura de textos permitirá traballar transversalmente a comprensión lectora, ademais de facilitar a relación de ideas e unha comprensión profunda dos distintos fenómenos históricos. O traballo con imaxes permite desenvolver a percepción conceptual na que se relacione a música con contextos moi diversos, e ten ademais un interese especial nas manifestacións musicais que se realizan en marcos escénicos, tales como a ópera ou o ballet.

Finalmente, a disposición de bancos pechados de preguntas, facilitará unha maior eficacia no esforzo de preparación da materia de cara á ABAU, sen prexuízo da censa amplo de coñecemento que o currículo implica.

#### **GRUPO DE TRABALLO HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA**

Luís Costa Vázquez (Director)	UVigo
Martín Lerános Iglesias (Subdirector)	USC
Rosalía Polo Cal	Inspección Educativa
Íñigo Barreiro García	S.X.I.A.S.E.
Francisco Javier González-Abraldes Iglesias	IES Frei Martín Sarmiento
Beatriz Alonso Pérez-Avila	IES Alfonso X el Sabio